



CCOO INFORMA 4/24

AXUDAS PROMOCIÓN DO EMPREGO AUTÓNOMO

En qué consiste o programa?

Nunha axuda económica ás persoas desempregadas que pretendan desenvolver a súa actividade empresarial ou profesional como traballadoras autónomas ou por conta propia, para facer fronte aos distintos gastos xerados no comezo e mantemento da súa actividade laboral.

Subvencionaranse as altas na Seguridade Social ou en mutualidade de colexio profesional e os gastos de mantemento da actividade que se formalicen desde o 30 de setembro de 2023 ata o 29 de setembro de 2024, ambos inclusive. Establécense 2 liñas de axudas:

- a) Liña 1: unha axuda para o inicio da actividade económica e mantemento do emprego como persoa traballadora autónoma.
- b) Liña 2: unha axuda para sufragar os gastos do mantemento da actividade por conta propia, equivalente a 12 meses da contía da cota reducida regulada no apartado 1 do artigo 38.ter da Lei 20/2007, do 11 de xullo, do Estatuto do traballo autónomo, cando se acollan á dita redución.

Cales son os requisitos?

Para a liña 1:

- a) Estar inscrita como demandante de emprego nos servizos públicos de emprego, carecendo de ocupación efectiva.
- b) Ser titular ou cotitular do negocio ou explotación e ter iniciada a actividade segundo definición do artigo 6.3 con anterioridade á presentación da solicitude da subvención, e non ter ningunha alta anterior como persoa traballadora autónoma nos tres anos inmediatamente anteriores á data de publicación desta convocatoria no DOG, salvo que a dita alta fora como persoa autónoma colaboradora.
- c) Atoparse de alta no imposto de actividades económicas.
- d) Desenvolver a súa actividade empresarial ou profesional en Galicia.
- d) Ter o domicilio fiscal en Galicia con anterioridade a solicitude da axuda.

Quedan excluídas desta liña as persoas socias de sociedades mercantís, sociedades laborais, os administradores e as persoas autónomas colaboradoras.

Para a liña 2:

- a) Ser persoa autónoma beneficiaria da cota reducida no momento de presentación da solicitude.
- b) Estar inscrita como demandante de emprego nos servizos públicos de emprego, carecendo de ocupación efectiva.
- c) Ter iniciada a actividade con anterioridade á presentación da solicitude da subvención.

- d) Atoparse de alta no imposto de actividades económicas.
- e) Desenvolver a súa actividade empresarial ou profesional en Galicia.
- f) Ter o domicilio fiscal en Galicia con anterioridade a solicitude da axuda.
- g) No suposto de persoas socias de sociedades mercantís, sociedades laborais, cooperativas de traballo asociado e os administradores das mesmas, estas deberán ser de nova creación, isto é aquelas que inicien a actividade empresarial desde o 30 de setembro de 2023, segundo a data que figure no Imposto de actividades económicas ou, no seu caso, na data de alta no censo de obrigados tributarios da Axencia Estatal da Administración Tributaria.

As persoas traballadoras autónomas ou por conta propia poderán ser beneficiarias das axudas deste programa, cando formen parte de comunidades de bens, sociedades civís ou outras entidades sen personalidade xurídica de nova creación, sempre que as soliciten a título persoal. Neste caso, a entidade deberá estar constituída previamente á presentación da solicitude de subvención.

Cal é a contía da axuda?

Liña 1:

- a) 2.000 € para persoas desempregadas en xeral.
- b) 4.000 € para desempregadas dalgún dos seguintes colectivos, que non serán acumulables:
 - Persoas menores de 30 anos.
 - Persoas desempregadas de longa duración.
 - Persoas desempregadas con discapacidade ou en situación de dependencia.
 - Persoas desempregadas que se atopen en situación ou risco de exclusión social.
 - Persoa desempregadas que teñan a condición de emigrante retornada.
 - Persoa desempregadas que teñan a condición de estranxeira.
 - Persoas maiores de 52 anos.

A contía base correspondente incrementarase nun 15 % nos seguintes casos (acumulables e deste xeito a contía máxima posible sería de 7.000 €):

- a) Se a persoa incorporada é unha muller.
- b) No caso de que o centro de traballo (ou domicilio fiscal, no caso de carecer deste) da persoa autónoma estea situado nun concello rural.
- c) Persoas maiores de 45 anos.
- d) Persoas trans.
- e) Profesións e oficios nos cales a muller estea subrepresentada, segundo informe do Instituto Galego das Cualificacións.

Liña 2:

O importe da dita contía será o determinado polo Real decreto lei 13/2022, do 26 de xullo.

Solicitudes

As solicitudes presentaranse no modelo que figuran na convocatoria xunto coa documentación requirida. Deberanse presentar obrigatoriamente por medios electrónicos a través do formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia <https://sede.xunta.gal>.

Prazo de presentación de solicitudes

O prazo está aberto desde o 16 de xaneiro ata o 29 de setembro de 2024.

Máis información

DOG núm. 6, martes 9 de xaneiro de 2024: https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2024/20240109/AnuncioG0656-291223-0004_gl.pdf (código de procedemento TR341D).

**Secretaría de Emprego e Política Social
Sindicato Nacional de CCOO de Galicia**